



Concello de Vimianzo

MINUTA-BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE VIMIANZO DE DATA 07/07/2015

Na vila de Vimianzo, ás trece horas do día sete de xullo de dous mil quince, na sala de sesións da casa do Concello, constitúese en primeira convocatoria o Pleno do Concello ao obxecto de levar a cabo a sesión extraordinaria convocada para este día.

Asisten os seguintes membros:

D. Manuel Antelo Pazos, alcalde
D. Fernando Mancebo Amigo
D.^a María José Ramos Rey
D. José Trillo Lema
D.^a Marta Rey Lema
D. José Antonio Vidal Mira
D.^a María Élda Pequeño Lorenzo
D. Anselmo Ramos Martínez
D.^a Mónica Rodríguez Ordoñez
D. Mario Andújar Mouzo
D. José Manuel Rodríguez Blanco
D.^a Raquel Rodríguez Amigo
D.^a Paula Mouzo Maceiras

Ausentes:

Secretaria: D.^a María Cristina Varela García

De seguido comézase coa deliberación dos asuntos da Orde do Día.

1. Modificación orzamentaria mediante expediente núm. 2015/SC/01 de suplemento de crédito por importe de 179.667,93€.

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 24 de xuño de 2015, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos celebrada o 3 de xullo de 2015, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

ASUNTO: EXPEDENTE NÚM. 2015/SC/01 DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIADO CON REMANENTES DE TESOURARÍA PARA GASTOS XERAIS E BAIXAS POR ANULACIÓN

De conformidade co disposto no artigo 177 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais, do art. 35 do RD 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do devandito Texto Refundido, PROPONSE AO PLENO:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito 2015/SC/01, co seguinte detalle;

- Aprobación de suplemento de crédito nas aplicacións orzamentarias que se sinalan de seguido, por importe total de 179.667,93 €.

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CONCEPTO	IMPORTE MODIFICACIÓN
151 22706	Urbanismo.Estudos e traballos técnicos	40.000,00
161 22199	Abastecemento de auga. Outros subministros	20.000,00
165 22100	Alumeado público. Subministro de enerxía eléctrica	40.000,00
231 47200	Asistencia social primaria. Subvencións para reducir o prezo a pagar polos consumidores	11.750,00

231 48000	Asistencia social primaria. Emerxencia social	2.000,00
333 22799	Museos. Outros traballos realizados por empresas ou profesionais	25.000,00
342 22799	Instalacións deportivas. Outros traballos realizados por empresas ou profesionais	10.000,00
453 21000	Estradas.Conservación e mantemento de infraestruturas.	16.112,00
912 10000	Organos de goberno. Retribucións órganos de goberno.	11.310,00
912 16000	Organos de goberno. Seguridade social	3.495,93
TOTAL		179.667,93

➤ Financiamento:

BAIXAS POR ANULACIÓN:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CONCEPTO	CONSIGNACIÓN ANTERIOR	IMPORTE MODIFICACIÓN	CONSIGNACIÓN RESULTANTE
011 22604	Débeda pública. Gastos xurídicos e contenciosos	56.238,73	-56.238,73	0,00
011 91300	Débeda pública. Amortización de préstamos a L/P no sector público	212.341,48	-78.079,20	134.262,28
165 13100	Iluminación pública. Persoal Laboral temporal	59.576,86	-11.000,00	48.576,86
165 16000	Iluminación pública. Seguridade social	23.000,00	-5.350,00	17.650,00
931 12000	Política económica e fiscal. Retribucións básicas. Soldo do grupo A1	23.317,20	-3.350,00	19.967,20
931 12100	Política económica e fiscal. Retribucións complementarias CD	33.463,12	-2.900,00	30.563,12
931 12101	Política económica e fiscal. Retribucións complementarias CE	71.933,80	-4.025,00	67.908,80
931 16000	Política económica e fiscal. Seguridade social	44.394,00	-2.725,00	41.669,00
932 22708	Xestión do sistema tributario. Servizo de recadación	160.000,00	-16.000,00	144.000,00
TOTAL			-179.667,93	

Segundo.- Expoñer ao público dito expediente durante 15 días mediante a publicación de anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro municipal de edictos.

Terceiro.- Aprobar, con carácter definitivo, o referido expediente se contra o mesmo non se presentasen reclamacións durante o prazo de exposición pública.

Cuarto.- Publicar, unha vez aprobada a modificación, un resumo a nivel de capítulos no taboleiro municipal de edictos e no Boletín Oficial da Provincia.

En Vimianzo, a 24 de xuño de 2015.

O Alcalde

Manuel Antelo Pazos"

O alcalde sinala que esta modificación faise para repoñer crédito do REC/01/2015 e para facer fronte ao novo sistema retributivo acordado no pleno de organización. Da a palabra ao resto dos grupos.

A Sra. Mouzo Maceiras manifesta que, dentro do pouco que puido mirar este tema, sería boa cousa facer un novo orzamento, e polo tanto vaise abster.

A Sra. Rodríguez Amigo supón que haberá un orzamento aprobado e como non puido ver todas as partidas que se modifican, vaise abster.

O Sr. Rodríguez Blanco di que xa votou en contra desta modificación no pleno de marzo e agora ten un novo argumento para votar en contra: as retribucións da concelleira de cultura.



Concello de Vimianzo

A Sra Rodríguez Ordóñez manifesta que os comezos deste novo goberno son moi preocupantes, pois gástanse case mil euros nun pleno extraordinario cando se podía esperar perfectamente ao ordinario deste mes. Considera que a urxencia deste pleno é que a concelleira de cultura teña un soldo canto antes. O seu grupo xa advertiu que no orzamento prorrogado as partidas eran insuficientes, por exemplo en auga e alumeado. Á vista dos motivos para levar a cabo esta modificación, van votar en contra.

O alcalde informa que para órganos de goberno destínanse 14.000 euros dos 179.000 euros a que ascende o importe da modificación, o cal nin siquiera representa un 10%. Sinala que a urxencia ven fundamentada polo funcionamento normal do gasto corrente. As partidas afectadas son de auga, alumeado, traballos técnicos, etc., que ven motivado polo recoñecemento extraxudicial que se arrastra de exercicios anteriores. O financiamento está moi claro: non se tocan servizos esenciais, senón aqueles gastos de amortización de préstamos e gastos de persoal de prazas vacantes. Acusa á oposición de fracasar no anterior mandato, e alégrase de que continúen por ese camiño. No tema da adicación xa dixo no pleno organizativo que as adicacións eran as de menor importe no último mandato e anuncia a presentación dun orzamento para 2016. Aclara que a modificación en si non é substancial, porque son previsións que non se van a gastar. Agradece ao PSOE e ao PP a súa postura e sinala que as partidas que se minoran están na proposta, sendo as vacantes as do falecido traballador Jony Monterroso ou a interventora, que non está.

Non se producen máis intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por oito votos a favor do BNG, dúas abstencións das concelleiras do PSOE e PP, e tres votos en contra de IxV e concelleiro de TeGa, aproba o ditame da comisión, que se eleva a acordo nos seus propios termos.

2. Recoñecemento extraxudicial de créditos (expediente 2015/REC/02) por importe de 6.241,60€.

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 24 de xuño de 2015, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos celebrada o 3 de xullo de 2015, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto que non existe dotación orzamentaria axeitada e suficiente para proceder á aprobación da factura que **F/2014/2046**, e que se xunta como Anexo, cuxo importe total ascende a cantidade íntegra de **6.241,60 €**, emitida no ano 2014 por CONSTRUCCIONES Y EXCAVACIONES GERMAN MOUZO,SL polo concepto de liquidación da obra reparación e mellora de firme, bordos, beiravías e cunetas da estrada municipal de Tines a Quintáns.

Emitido informe de Intervención de data 24/06/2015 e considerando o establecido no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, esta Alcaldía PROPÓN ao Pleno, previo ditame da Comisión de Contas, Facenda, Orzamento e Asuntos Económicos, a adopción do seguinte, ACORDO

Primeiro.- Aprobar o expediente nº 2015/REC/02 de recoñecemento extraxudicial de créditos por importe de **6.241,60 €**, tendo efectos unha vez entre en vigor a modificación de créditos 2015/SC/02.

Segundo.- Dar traslado do acordo adoptado no Pleno, ao departamento contable para que proceda a contabilización das obrigas recoñecidas para proceder posteriormente a ordenar o seu pago.

Vimianzo, 25 de xuño de 2015.

O Alcalde

Manuel Antelo Pazos.”

O alcalde explica que se trata dunha liquidación dunha obra, por menos do 10% permitido polo TRLCSP, que é competencia da dirección de obra sen necesidade de tramitar un modificación do contrato. Lembra que a obra, do DTC-93, licitouse por procedemento aberto e resultou adjudicataria unha empresa que apenas chegou a iniciar a execución, posto que se iniciou un expediente de resolución contractual e despois plantexaron unha cesión do contrato a favor doutra empresa. Sinala que se incluiu no anterior REC pero non puido aprobarse porque estaba condicionada á aprobación dunha modificación de crédito que non saíu adiante. Da a palabra ao resto dos concelleiros.

A Sra. Mouzo Maceiras di que o PSOE etsá sempre coas empresas e cos traballadores. Non sabe con exactitude que pasou nesa obra, pero pide que as obras en xeral se procuren facer ben, evitando modificados. Está dacordo en pagar.

A Sra. Rodríguez Amigo afirma que non controla ben que pasou con esta obra, pero vai votar a favor porque se é unha obra pendente de pagar, hai que pagala.

O Sra. Rodríguez Blanco di que foi unha obra moi debatida e vaise abster porque a obra non quedou ben. Cando haxa cartos hai que darlle un arranxo.

A concelleira de IxV manifesta que esta factura preocúpalles, pois agora hai unha liquidación e no seu momento houbo unha senda como obra complementaria. Esta empresa levou unhas oito adjudicacións no mandato anterior e esta obra non estaba en condicións de ser entregada. Adjudicouse en 87.000 euros, a senda en 47.000 euros e agora chega esta liquidación. Se hai unha certificación da dirección de obra no sentido de que está rematada, entón vaise abster.

O alcalde aclara que a obra xa foi recibida, incluso pola propia Deputación, organismo financiador. Advirte á voceira de IxV de que teña coidado coas afirmacións que fai. Está dacordo co concelleiro de TeGa en que en dous ou tres anos hai que facer un aglomerado, e nese sentido se plantexou esta actuación dende o principio. Entende que os concelleiros novos non teñan coñecemento desta obra, pero os que xa estaban na anterior Corporación ou non queremos saber ou a ver que pasa. Repite que esta obra estaba incluída nun Plan DTC da Deputación, foi adjudicada en 86.000 euros, máis estes 6.000 euros de liquidación, cando o proxecto era de 102.000 euros. Lémbrralle a Sra. Rodríguez Ordóñez a obra da casa de cultura como modelo de como non se deben facer as cousas. A pelexa do goberno coas direccións de obra e empresarios é que os proxectos hainos que cumprir, e os incrementos teñen que estar moi contratados e valorados. Considera que a discusión neste caso é bana á vista da repercusión económica desta liquidación. Está previsto agora facer un segundo tramo entre Tines e Bamiro.

A concelleira de IxV di que pediu un segundo turno de intervencións.


A Sra. Rodríguez Amigo dille ao alcalde que IxV pediu un segundo turno.

O alcalde explica á concelleira do PP que interveñen os grupos e despois pecha o alcalde. Non obstante, concede un segundo turno.

A Sra. Rodríguez Amigo afirma que entendi no pleno organizativo que o alcalde sempre ía conceder un segundo turno de réplica.

O concelleiro de TeGa declina intervir.

A Sra. Rodríguez Ordóñez dille ao alcalde que deixe de sacar o tema da casa de cultura, porque el está facendo o mesmo, en distinto calibre porque aínda non lle dou tempo a máis. Segue dicindo que ese proxecto quedou coxo, e a día de hoxe aínda está sen pintar. Non chegaba o



Concello de Vimianzo

importe nin para un terzo da obra, se se fixera en condicións. Sinala que esa obra finalmente chegou aos 140.000 euros.

O alcalde aclara que o segundo turno concédese previa petición, e incluso está disposto a conceder un terceiro. Lembra que a concelleira de IxV dixo que a obra non estaba en condicións de ser entregada. En segundo lugar díxolle que ou é unha ignorante ou se fai. Xa dixo que a obra tardou en executarse polas circunstancias que citou (resolución e cesión). A obra da senda foi financiada polo Fondo de Compensación Ambiental e adxudicada a outra empresa. Advirte que sempre falará do acontecido coa casa de cultura, se lle doe á concelleira de IxV por algo será. Afirma que non hai moita autoridade moral por parte de quen agora critica esto.

Non se producen máis intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por dez votos a favor do BNG e das concelleiras do PSOE e PP, tres abstencións de IxV e concelleiro de TeGa, e ningún voto en contra, aproba o ditame da comisión, que se eleva a acordo nos seus propios termos.

3. Modificación orzamentaria mediante expediente núm. 2015/SC/02 de suplemento de crédito por importe de 64.801,03€.

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 24 de xuño de 2015, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos celebrada o 3 de xullo de 2015, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

ASUNTO: EXPEDENTE NÚM. 2015/SC/02 DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIADO CON REMANENTES DE TESOURARÍA PARA GASTOS XERAIS

De conformidade co disposto no artigo 177 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais, do art. 35 do RD 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do devandito Texto Refundido, PROPONSE AO PLENO:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito SC/02/2014, co seguinte detalle;

- Aprobación de suplemento de crédito nas aplicacións orzamentarias que se sinalan de seguido, por importe total de 64.801,03 €.

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CONCEPTO	IMPORTE MODIFICACIÓN
011 913 00	Débeda pública. Amortización préstamos l/p no s.público	30.811,86
453 619 00	Estradas. Outros investimentos de reposición en infraestruturas (F/2015/2046) (expte. 2015/REC/02)	6.241,60
453 619 00	Estradas. Outros investimentos de reposición en infraestruturas	27.747,57
TOTAL		64.801,03

- Financiamento procedente integramente de remanente líquido de tesouraría para gastos xerais.

CONCEPTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE €
870 00	Remanente de tesouraría para gastos xerais	64.801,03
TOTAL		64.801,03

Segundo.- Expoñer ao público dito expediente durante 15 días mediante a publicación de anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro municipal de edictos.

Terceiro.- Aprobar, con carácter definitivo, o referido expediente se contra o mesmo non se presentasen reclamacións durante o prazo de exposición pública.

Cuarto.- Publicar, unha vez aprobada a modificación, un resumo a nivel de capítulos no taboleiro municipal de edictos e no Boletín Oficial da Provincia.

En Vimianzo, a 25 de xuño de 2015

O Alcalde

Manuel Antelo Pazos”

O alcalde explica que esta modificación de crédito é froito do aforro conseguido en 2014, ano no que contamos con remanente líquido de tesouraría positivo. Lembra que no pleno de marzo intentouse aprobar unha modificación de crédito que non saiu adiante porque daquela o goberno estaba en minoría. Con eses cartos do remanente a lei obriga a pagar os seguintes gastos, por orde de prelación: primeiro a conta 413, segundo investimentos financeiramente sostibles, e terceiro amortización de débeda.

Sinala o alcalde que se amortizaron dúas cotas do préstamo da casa de cultura por importe de 30.811,86 euros e en investimentos sostibles gastáanse 27.747,57 euros, constando memorias do que se pretende facer. Dalle a palabra ao resto dos concelleiros.

A Sra. Mouzo Maceiras móstrase fundamentalmente dacordo cos investimentos que benefician aos gandeiros e veciños en xeral. Suxire que en Vilanova se remate ata 3,7 quilómetros de tramo, incluso con recollida de augas e plásticos. Propón facelo en Santa Comba de Baíñas e na Gándara de Lamas. Di que vai votar a favor.

A Sra. Rodríguez Amigo indica que se vai abster, polo mesmo motivo polo que se abstivo no punto primeiro.

O concelleiro de TeGa sinala que se vai abster porque non sabe se as obras están executadas ou non...

O alcalde aclara que os investimentos son propostas, que non están feitas.

A concelleira de IxV di que se van abster. Acaban de gastar 150.000 euros en Treos e xa estamos pensando en gastar máis. Considera que estes arranxos van durar un inverno e gastando máis si durarían.

O alcalde di que nestas pistas non houbo actuación nestes catro anos. En Vilanova é unha pista de monte e hai que seguir empregando os materiais habituais, non van asfaltar todas as pistas forestais e agrarias. Son arranxos e incluso os técnicos recomendan facelo desta maneira. Os recursos son limitados e procuran facer unha distribución o máis equitativa posible.

Non se producen máis intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por nove votos a favor do BNG e a concelleira do PSOE, catro abstencións de PP, IxV e TeGa, e ningún voto en contra, aproba o ditame da comisión, que se eleva a acordo nos seus propios termos.

4. Modificación orzamentaria mediante expediente núm. 2015/SC/03 de suplemento de crédito por importe de 312.735,82€.



Concello de Vimianzo

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 24 de xuño de 2015, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos celebrada o 3 de xullo de 2015, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

ASUNTO: EXPEDIENTE NÚM. 2015/SC/03 DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO

A vista do estado de tramitación do Expediente de concesión de Suplemento de Créditos nº 1/2015, para poder facer fronte durante o vixente exercicio de 2015 ós gastos pola amortización anticipada da débeda viva actual da operación de crédito concertada con Caixabank nunha contía de 77.029,65 €, así como a realización dos investimentos denominados “Reparación e mellora de firme, beirarrúas, cunetas e bordos na estrada municipal entre Tines e Bamiro” cun orzamento de 140.000,00€, “Mellora de travesía no lugar da Gándara” por 95.706,17€, por todo o anteriormente exposto e de conformidade co disposto no artigo 177 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais, do art. 35 do RD 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do devandito Texto Refundido, PROPONSE AO PLENO:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito 2015/SC/03, co seguinte detalle:

→ Aprobación de suplemento de crédito nas aplicacións orzamentarias que se sinalan de seguido, por importe total de 312.735,82 €.

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CONCEPTO	IMPORTE MODIFICACIÓN
011 913 00	Débeda pública. Amortización prestamos l/p no s.público	77.029,65
453 619 00	Estradas. Outros investimentos de reposición en infraestruturas	235.706,17
TOTAL		312.735,82

➤ Financiamento procedente do PLAN DE AFORRO E INVESTIMENTO 2015 da Deputación de A Coruña:

CONCEPTO DE INGRESO	CONCEPTO	IMPORTE MODIFICACIÓN
91100	Prestamos a longo prazo de entes do sector público	312.735,82
TOTAL		312.735,82

Segundo.- Expoñer ao público dito expediente durante 15 días mediante a publicación de anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro municipal de edictos.

Terceiro.- Aprobar, con carácter definitivo, o referido expediente se contra o mesmo non se presentasen reclamacións durante o prazo de exposición pública.

Cuarto.- Publicar, unha vez aprobada a modificación, un resumo a nivel de capítulos no taboleiro municipal de edictos e no Boletín Oficial da Provincia.

En Vimianzo, a 26 de xuño de 2015

O Alcalde

Manuel Antelo Pazos”

O alcalde explica que estas obras son do PAI, que nunha primeira fase aprobaronse os proxectos en pleno, e despois aprobaronse pola Deputación e notificaron. Agora hai que facer as modificacións orzamentarias para incorporar o préstamo e non quixeron facelo en campaña por se alguén o interpretaba mal. É un programa ao que se acollen a meirande parte dos concellos da provincia menos dous. Os investimentos son o tramo entre Tines e Bamiro e a segunda fase da Gándara.

A Sra. Mouzo Maceiras vai apoiar a proposta. Agarda que os proxectos se fagan ben e as obras se executen satisfactoriamente. Tamén está dacordo co cableado do parque.

A concelleira do PP di que todo o que sexan obras vaino apoiar, mirando que as cousas se fagan correctamente, ben os proxectos e as obras por parte dos contratistas.

O concelleiro do TeGa di que van apoiar, porque é importante que este tramo quede mellor que o de Treos-Tines.

A concelleira de IxV di que están a favor porque son obras necesarias. Gustaríalle que a Deputación asumira esa estrada, e tamén o da Gándara. Sinala que se comparamos a obra da Gándara, como quedou rematada, e a de Treos-Tines, non teñen nin comparación. Considera que hai que darlle cabida aos técnicos municipais na redacción de proxectos e dirección de obras para evitar gastos en técnicos externos.

O Sr. Mancebo Amigo considera que a portavoz de IxV segue en campaña electoral, e os veciños de Treos e Tines xa dixeron nas eleccións se lles gustou a obra ou non. Considera que os argumentos da oposición demostran que non se enteran de nada. Sinala que en zonas de brañas e humidais calquera técnico recomenda non meter aglomerado. Afirmar que a oposición nin siquiera le as bases do DTC, que só permitían obras de mantemento, mentras que o proxecto inicial redactado polo técnico municipal non cumpría as bases. Lembra que o anterior goberno gastou 60.000 euros nun parque biosaudable, sen contar o custe do equipamento. Afirmar que a obra da Gándara non é comparable á de Treos-Tines, e de feito foron financiadas con cargo a plans distintos.

O alcalde di que os proxectos levan no concello seis meses e poden verse, polo tanto non é excusa para dicir que non se coñecen. Sinala que a oposición non ten nin idea dos conflitos que ten o goberno coas direccións de obra para evitar variacións, porque saben que se ceden unha vez ao final parece que o normal é que as obras acaben cunha liquidación. Agradece que se faga unha oposición constructiva. Aclara que a obra de Treos é de ensanchamento, e non contempla sinalización, e a da Gándara si.

Non se producen máis intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba o ditame da comisión, que se eleva a acordo nos seus propios termos.

5. Modificación orzamentaria mediante expediente núm. 2015/CE/02 de crédito extraordinario por importe de 42.046,18€.

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 24 de xuño de 2015, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos celebrada o 3 de xullo de 2015, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

ASUNTO: EXPEDIENTE NÚM. 2015/CE/02 DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO

A vista do estado de tramitación do Expediente de concesión de Suplemento de Créditos nº 1/2015, para poder facer fronte durante o vixente exercicio de 2015 a realización dos investimentos denominado “Tendido línea de alimentación de la instalación eléctrica de baja tensión de alumbrado exterior de la zona empresarial de Vimianzo” cun orzamento de 42.046,18 €, por todo o anteriormente exposto e de conformidade co disposto no artigo 177 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais, do art. 35 do RD 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do devandito Texto Refundido, PROPONSE AO PLENO:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito 2015/CE/02, co seguinte detalle:



Concello de Vimianzo

- Aprobación do crédito extraordinario aplicacións orzamentarias que se sinalan de seguido, por importe total de 42.046,18 €.

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CONCEPTO	IMPORTE MODIFICACIÓN
165 619 03	Alumeado público. Outros investimentos de reposición de alumeado público	42.046,18
TOTAL		42.046,18

- Financiamento procedente do PLAN DE AFORRO E INVESTIMENTO 2015 da Deputación de A Coruña:

CONCEPTO DE INGRESO	CONCEPTO	IMPORTE MODIFICACIÓN
91100	Prestamos a longo prazo de entes do sector público	42.046,18
TOTAL		42.046,18

Segundo.- Expoñer ao público dito expediente durante 15 días mediante a publicación de anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro municipal de edictos.

Terceiro.- Aprobar, con carácter definitivo, o referido expediente se contra o mesmo non se presentasen reclamacións durante o prazo de exposición pública.

Cuarto.- Publicar, unha vez aprobada a modificación, un resumo a nivel de capítulos no taboleiro municipal de edictos e no Boletín Oficial da Provincia.

En Vimianzo, a 26 de xuño de 2015

O Alcalde

Manuel Antelo Pazos"

O alcalde explica que este punto está relacionado co PAI, pero vai en distinto expediente porque neste caso non existía unha partida no orzamento e hai que creala. Trátase de repoñer o cable roubado no parque empresarial e o proxecto contempla a instalación dun sistema anti-roubo.

A Sra. Mouzo Maceiras pide que a iluminación cumpra a normativa e a obra quede ben, non coma no caso da renovación feita no pobo. Vai votar a favor.

A Sra. Rodríguez Amigo tamén vai votar a favor.

O concelleiro de TeGa considera importantísimo acometer esta obra, e vai votar a favor.

A concelleira de IxV di que van votar a favor porque é unha obra urxente. Afirmar que as empresas instaladas non dispoñen de auga nin luz. Di que este punto hai moito tempo que tiña que ir a pleno e non poden poñer excusas.

O alcalde repite que o parque empresarial ten auga municipal, polo tanto a concelleira de IxV non pode dicir que non a ten. Sinala que agora que o polígono ten naves faise necesario arranxar o problema, e de feito vaise solucionar en breve prazo de tempo. Dille ao PSOE que non se vai actuar na iluminación, só se repón cableado.

Non se producen máis intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba o ditame da comisión, que se eleva a acordo nos seus propios termos.

6. Aprobación inicial da Modificación Puntual núm. 4 das Normas Subsidiarias de Planeamento de Vimianzo: Usos en solo de núcleo rural.

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 30 de xuño de 2015, que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Obras e Urbanismo reunida o 3 de xullo de 2015, e que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: Aprobación Inicial da modificación puntual núm. 4 das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal de Vimianzo “Réxime xurídico dos núcleos rurais”.

Visto o Documento de Modificación Puntual núm. 4 das Normas Subsidiarias: “Usos en solo de núcleo rural”.

Vista a decisión da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, da mesma Consellería, declarando a non necesidade de someter a avaliación ambiental estratéxica esta modificación puntual, en data 7 de xaneiro de 2014.

Vistos os informes favorables emitidos polo arquitecto-xefe do Servizo de Asistencia Técnica Urbanística da Deputación da Coruña o 20 de marzo de 2014, e da secretaria municipal o 5 de novembro de 2014.

Visto o informe da Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, previo á aprobación inicial, emitido en data 22 de setembro de 2014 e recibido neste Concello o 2 de xaneiro de 2015 (RE 16). Esíxese unha fundamentación da modificación en razóns de interese público.


Realizadas as modificacións oportunos no Documento de Modificación Puntual núm. 4 das Normas Subsidiarias: “Usos en solo de núcleo rural” a efectos de dar cumprimento ás esixencias da Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, no sentido de expoñer as razóns de interese público que motivan a modificación e incorporar o planeamento sectorial aprobado, con data de hoxe e RE 2253/2015 preséntase o documento definitivo.

Consta proposta da Alcaldía de data 19 de marzo de 2015, ditaminada pola Comisión Informativa de Urbanismo e Obras reunida o 24 de marzo de 2015, que se elevou ao Pleno na sesión ordinaria celebrada o 28 de marzo de 2015, e quedou sobre a mesa, a petición dos grupos da oposición.

A mesma proposta da Alcaldía, ditaminada pola Comisión Informativa de Urbanismo e Obras reunida o 21 de abril de 2015, que se elevou ao Pleno na sesión ordinaria celebrada o 25 de abril de 2015, non acadando a maioría absoluta esixida para a aprobación inicial polos artigos 85.1 da LOUG e 47.2.1) da LBRL.

Considerando que se trata dun asunto de vital importancia para a mellora das condicións urbanísticas dos núcleos rurais do municipio de Vimianzo, elévase por terceira vez a proposta ao Pleno.

De conformidade co procedemento establecido na Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, veño en elevar ó Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Obras, a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**



Concello de Vimianzo

Primeiro.- Aprobar inicialmente a Modificación Puntual núm. 4 das Normas Subsidiarias: "Usos en solo de núcleo rural", co alcance e contido do proxecto que se xunta a esta proposta.

Segundo.- Abrir un período de información pública durante un prazo de dous meses, mediante a inserción de anuncio no Taboleiro de edictos do Concello, no Diario Oficial de Galicia e en dous dos xornais de maior difusión na provincia. Durante este período quedará o expediente a disposición de calquera que queira examinalo para que se presenten as alegacións que se estimen pertinentes.

Terceiro.- Simultaneamente e durante o mesmo prazo da información pública, daráselles audiencia ós municipios limítrofes; e solicitaráse ás administracións públicas competentes os informes sectoriais que resulten necesarios."

O alcalde sinala que é un asunto bastante debatido por parte dos concelleiros que formaron parte da anterior Corporación, pero vai repetir certas ideas: é unha proposta que non beneficia a ninguén en especial, senón a toda a veciñanza en xeral, e ninguén sae perxudicado. A proposta inicial do goberno era máis ambiciosa, pero a Xunta no a informou favorablemente. Resume as principais modificacións:

- 1ª. Redúcese a parcela mínima en NT de 1000 m² a 800 m² e en NUN de 600 m² a 500 m²
- 2ª. Auméntase a ocupación tanto en NT coma en NUN
- 3ª. Aumenta a altura permitida dos alpendres
- 4ª. Permite o dereito de arrime a lindeiro sempre que haxa acordo entre os veciños

A Sra. Mouzo Maceiras di que lle gustaría apoiar a proposta, pero vaise abster porque lle gustaría que os técnicos corrixiran algún erro, como as referencias á parcela neta, porque sempre se mirou a bruta. Gustaríalle que se lle dera outra volta ao documento.

A concelleira do PP pídelles ao goberno que atendan neste punto ao que vai dicir, dada a súa condición de apareladora. Pode ser un erro de cando a proposta era de 300 m² e deixouse a referencia á parcela neta. Sinala que antes con 500 m² de parcela bruta podíase construír, e agora non. Considera que hai xente que pode mercar unha parcela de 500 m² brutos e descontando as cesións con esta modificación non podería construír. Sinala que coas actuais NN.SS. se a medianeira está consolidada, si se pode construír, mentras que con esta modificación ten que haber consentimento e os dous colindantes teñen que construír. Esó supón que se un dos colindantes non edifica, o outro non vai poder arrimar. Agora a normativa permite arrimar se hai edificación consolidada. Simplemente quere poñer sobre a mesa cuestións que poden deberse a erros. Non entende como se pode aumentar a ocupación máxima sen aumentar a edificabilidade.

O Sr. Mancebo Amigo responde que deste xeito en planta baixa poden ocupar máis, por exemplo.

A Sra. Rodríguez Amigo volve a advertir que hai que ter moito ollo coas parcelas mínimas brutas e netas, e por esa razón vaise abster.

O concelleiro de TeGa di que a concelleira do PP dou unha explicación importantísima, e considera que ten que haber un técnico presente na sesión, motivo polo cal se vai abster.

A Sra. Rodríguez Ordóñez considera que a explicación de Raquel foi cara, e debería estar o técnico municipal ou o Sr. Beiras para explicarllo. O que dixo o PP xa o dixeron eles antes no pleno de abril. Admite que é necesaria unha modificación das NN.SS., pero non con urxencia antes das eleccións nin agora coa presa de pagar a minuta do técnico redactor. Lembra que o BNG leva dende o 2000 pedindo un PXOM, logo porque agora non o fan. Non lle ve vantaxe ningunha a facer esta modificación. Se non hai posibilidade de que o goberno entre en razón, o seu grupo vai votar en contra.

O alcalde aclara que ao respecto da parcela mínima existen dúbidas xa na actualidade, pois nas actuais NN.SS. son 1000 m², e non se aclara se é neta ou bruta. Por eso se aclara agora con

esta modificación, pero xa antes se tiña en conta a parcela neta para comprobar se era edificable, diante na indefinición das propias Normas.

A Sra. Rodríguez Amigo di que non é así.

O alcalde lémbrale que xa fixo uso do seu turno de palabra sen que ninguén a interrumpira, xa fixo o seu discurso - totalmente equivocado, ao seu xuízo - e agora tócalle aclaralo a el. Repite que ese matiz non é un erro, é intencionado, para dar información clara e obxectiva. A parcela mínima para edificar é a neta, e con ese criterio se informan os expedientes. O cidadán ten que entener que antes de mercar un solar debe pedir unha certificación urbanística no concello. Por eso agora se aclaran os termos e se pon neta. Puntualiza que, por recomendación da propia Xunta, nas segregacións faise un matiz (cita a páxina 43 do documento).

En canto ao do arrime, o alcalde le o último parágrafo da páxina 43, e aclara que agora se abre a posibilidade, previo acordo, de que ambos colindantes podan arrimar.

As concelleiras de IxV e PP piden que o alcalde lea de novo o primeiro parágrafo.

O alcalde di que se poden construír dúas construcións acaroadas, ou se pode acaroar a lindeiro, ou á medianeira.

As concelleiras de IxV e PP din que non é así.

O alcalde aclara que o tema da ocupación e da edificabilidade ten que ver con usos que non computan edificabilidade, para que se podan estender. O problema dun solar triangular xa se plantexa agora, e tense en conta a superficie neta.

A Sra. Rodríguez Ordóñez pide que lle certifique eso por escrito.

A concelleira do PP pide un segundo turno.

O alcalde accede.

A concelleira do PSOE declina intervir.

A Sra. Rodríguez Amigo aclara que o seu discurso non é unha crítica contra ninguén. Como técnico creo que hai dúas cousas que non están ben e por eso advirte da problemática que se vai atopar a xente. Mon entende porque seguen ese criterio se as NN.SS. non din nada.

A Sra. Rodríguez Ordóñez pide que o asunto quede sobre a mesa e que o técnico veña explicalo. Pide que urbanismo emita certificación sobre ese criterio que acaba de sacarse da manga o alcalde, pois nas sesións anteriores ela xa o advertiu e el non aclarou nada.


O alcalde dille que é moi doado pedir aos demais que escoiten e non escoitar. Pídelle que faga lectura dos resultados electorais. A concelleira de IxV estivo en dúas comisións co técnico redactor e pudo preguntarlle o que quixo. O documento está informado pola Xunta e pola Deputación e foi moi traballado. Aquí falamos como políticos, non como técnicos. A descrición que fixo o PP preocúpalle: se unha persoa ten unha finca de 1000 m² non se lle da licenza se a parcela neta é inferior. A LOUG establece que en caso de dúbida, hai que estar ao criterio máis restritivo. Se algunha vez se fixo de xeito distinto é outro tema, el non se adica a revisar todas as licenzas concedidas. Sinte desmontarlle o seu traballo. De 1000 m² netos pasamos a 800 m² netos, esa é a realidade.

Non se producen máis intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por oito votos a favor do BNG, unha abstención da concelleira do PSOE, e catro votos en contra de IxV, concelleira do PP e concelleiro de TeGa, aproba o ditame da comisión, que se eleva a acordo nos seus propios termos.

7. Recurso de reposición contra o acordo plenario adoptado na sesión celebrada o 30 de agosto de 2014, rexeitando o inicio do expediente de investigación de espazo sito a carón da finca núm. 726 da zona

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 30 de xuño de 2015, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais o 3 de xullo de 2015, que se transcribe literalmente:



Concello de Vimianzo

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: recurso de reposición contra o acordo plenario adoptado o 30 de agosto de 2014, rexeitando a proposta de inicio do expediente de investigación de oficio de espazo sito a carón da finca núm. 726 da zona de concentración parcelaria de San Antolín de Baíñas, en Padreiro de Abaixo, parroquia de Baíñas

Visto o recurso de reposición presentado o 4 de novembro de 2014, con RE 8857, por D^a. María Magdalena Trillo Cernadas contra o acordo plenario adoptado na sesión ordinaria celebrada o 30 de agosto de 2014, polo que se rexeita a proposta da Alcaldía de data 21 de agosto de 2014, de inicio do expediente de investigación de oficio. Solicita *“que se tenga por presentado este escrito en tiempo y forma, y por presentado RECURSO DE REPOSICIÓN contra la resolución notificada, y previos los trámites legales previstos, tal resolución sea anulada, y se dicte una nueva en la que se desestime la denuncia presentada por Don Antonio López Pérez y se reconozca la naturaleza privada del terreno objeto del procedimiento, señalando además que pertenece a la que suscribe.”*

Cumprido o trámite previsto no artigo 112.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, dóuselle traslado do escrito de recurso á outra parte interesada, D. Antonio López Pazos, sen que conste a presentación de alegacións.

Solicitado informe á Secretaría municipal, consta emitido o 20 de xaneiro de 2015 (cun total de 6 páxinas), en sentido favorable á estimación parcial do recurso.

A proposta de Alcaldía de data 12 de xaneiro de 2015, ditaminada pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade, Servizos e Asuntos Xerais en data 27 de xaneiro de 2015, foi elevada ao Pleno, que na sesión ordinaria celebrada o 31 de xaneiro de 2015 acordou deixar o asunto sobre a mesa, a petición dos grupos da oposición.

Á vista da obriga da Administración de ditar resolución expresa en todos os procedementos (artigo 42.1 da LRX-PAC) e en concreto nos recursos administrativos, faise necesario elevar novamente esta proposta ao Pleno. A maior abundamento, dado que a estimación parcial do recurso implica o inicio dun expediente de investigación de oficio sobre o uso público do terreo, concorren causas de interese público para a adopción do presente acordo.

Tendo en conta o anteriormente exposto, proponse ao Pleno, previo ditame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais, a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Estimar en parte o recurso de reposición presentado o 4 de novembro de 2014, con RE 8857, por D^a. María Magdalena Trillo Cernadas contra o acordo plenario adoptado na sesión ordinaria celebrada o 30 de agosto de 2014, polo que se rexeita a proposta da Alcaldía de data 21 de agosto de 2014, de inicio do expediente de investigación de oficio sobre o carácter público do espazo sito a carón da finca núm. 726 da zona de concentración parcelaria de San Antolín de Baíñas, en Padreiro de Abaixo, parroquia de Baíñas; e en consecuencia, anular o citado acordo, polos motivos expostos no informe da Secretaría municipal de data 20 de xaneiro de 2014, que serve de motivación ao presente acordo, de conformidade co disposto no artigo 54 da Lei 30/1992, do 26 de novembro (LRX-PAC).

De conformidade co disposto no artigo 117.3 da LRX-PAC, contra a resolución dun recurso de reposición non se poderá interpor de novo tal recurso, só cabe a interposición de recurso contencioso-administrativo.

Segundo.- Iniciar o expediente de investigación de oficio sobre o carácter público do espazo sito a carón da finca núm. 726 da zona de concentración parcelaria de San Antolín de Baíñas, en Padreiro de Abaixo, parroquia de Baíñas; procedendo de acordo co previsto nos art. 49 ata 55, ambos inclusive do Regulamento de bens das Entidades Locais.

Terceiro.- Que se expoña ó público polo prazo dun mes, mediante inserción de anuncio no BOP, para que polos interesados se presenten as alegacións ou reclamacións que se estimen pertinentes. Dar conta á administración Central e Autonómica.

Cuarto.- Notificar este acordo ós afectados no mesmo que se atopan identificados no expediente, con indicación de que o acordo de inicio é un acto de mero trámite."

O alcalde explica que é un asunto que ocupou todo o mandato anterior, e que non debería facelo. O conflito xurdiu a raíz dunha petición de informe dun particular sobre o carácter público dun espazo duns 20 m2 e un informe emitido polo arquitecto municipal que di: "Sin lugar a dudas, el espacio es público", sen ningunha motivación. Isto dou lugar a varias denuncias, entre elas dúas querelas contra o alcalde, unha de Antonio López e outra do arquitecto municipal.

O alcalde lembra que no seu momento levouse a pleno a proposta de inicio do expediente de investigación, e a oposición votou en contra. Unha das partes presentou un recurso contra ese acordo e quedou sobre a mesa.

A Sra. Mouzo Maceiras di que se vai abster,

A Sra. Rodríguez Amigo tamén di que se vai abster.

O Sr. Rodríguez Blanco di que se abstén precisamente porque este tema está no xulgado, e ata que se resolva non se debería adoptar ningún acordo.

A concelleira de IxV considera que este tema é un capricho do alcalde, e como está no xulgado non deberían decidir.

O alcalde aclara que este asunto non está no xulgado, o que si está é un tema que deriva deste expediente. Considera que o arquitecto municipal non pode determinar o carácter público ou privado dun espazo, e tampouco pode facelo o alcalde. El está dacordo en defender o interese público, e repite que o que está no xulgado son as derivacións políticas deste tema. Entende que por moito que un técnico diga que é público, se non está inscrito o espazo nos rexistros públicos pertinentes, non ten ese carácter.

Non se producen máis intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por oito votos a favor do BNG, cinco abstencións da concelleira do PSOE, IxV, concelleira do PP e concelleiro de TeGa, e ningún voto en contra, aproba o ditame da comisión, que se eleva a acordo nos seus propios termos.

E non tendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e cincuenta e dous minutos, pola presidencia dase por rematada a sesión da que se estende esta minuta- borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo, o sete de xullo de dous mil quince.

